

Ofertas Destacadas

Pasteleiro/a - Reposteiro/a



Nº da oferta 973599
Ribeira

Encargarse da elaboración de pasteis no obradoiro dunha panadaría. Necesaria experiencia mínima como oficial de catro anos, así como medio de transporte para chegar ao lugar de traballo. Valoran permiso de conducir clase B.

Encargado/a de taller téxtil



Nº da oferta 973561
A Coruña

Empresa de confección téxtil precisa encargado/a de taller para planificar a produción. Necesaria experiencia demostrable de cinco anos no posto. Xornada intensiva de 8:00 a 16:15 horas.

Promotor/a - xestor/a comercial



Nº da oferta 973435
A Coruña

Empresa de telecomunicacións precisa promotores e xestores comerciais para realizar captación de novos clientes, xestión de novas altas e promoción dos produtos da empresa.

Axudante/a de cociña



Nº da oferta 973473
Lugo

Restaurante do centro da cidade busca persoal con experiencia mínima dun ano no posto. Encargarse da limpeza da cociña e axudará na preparación dos alimentos. Xornada completa en quenda partida.

Axudante/a de mecánico



Nº da oferta 973471
Carballedo

Taller situado a 17 km de Ourense precisa persoal para axudar en tarefas de reparación e mantemento de automóbiles e, puntualmente, de maquinaria agrícola e colaborar na limpeza do taller. Valorarase experiencia no posto.

Delegado/a comercial



Nº da oferta 973446
Mondoñedo

Realizará visitas a empresas para ofertar servizos de consultaría en protección de datos e cursos de formación subvencionados para traballadores. Necesario carné de conducir clase B e coñecementos informáticos a nivel usuario.

Fontaneiro/a oficial/a



Nº da oferta 973777
Xinzo de Limia

Empresa de servizos integrais de asistencia, precisa fontaneiro/a con experiencia como oficial/a de primeira. Necesarios coñecementos de fontanería ou electricidade, carné de conducir e medio de transporte para chegar ao lugar de traballo.

Electricista oficial/a



Nº da oferta 973892
Barbadás

Empresa do sector agrario precisa persoal para realizar montaxe de regos, invernadoiros, etc por toda a provincia de Ourense. Necesaria experiencia mínima de dous anos no posto e carné de conducir B. Valorándose coñecementos de fontanería.

Peleteiro/a



Nº da oferta 973562
Ourense

Encargarse de realizar arranxos en prendas de pel, tanto a man coma a máquina, nun establecemento situado no centro da cidade. Imprescindible experiencia como modisto/a en pel. Xornada completa.

Axudante/a de camareiro/a



Nº da oferta 973874
Illa de Arousa (A)

Restaurante precisa persoal para atención de barra e mesas e tarefas de limpeza do local. Imprescindible experiencia de seis meses no posto, así como permiso de conducir e vehículo propio. Entre 20 e 35 anos.

Médico/a



Nº da oferta 973969
Vigo

Encargarse do control, seguimento, vixilancia da saúde e recoñecementos médicos, campañas de vacinación e de análíticas dos traballadores dunha cadea de supermercados de ámbito nacional.

Técnico/a comercial



Nº da oferta 974043
Pontevedra

Empresa especializada no sector audiovisual busca persoal, con experiencia de polo menos un ano no sector, para encargarse da busca de publicidade para diversos medios de comunicación.

Outras ofertas de A Coruña

Creativo/a gráfico/a - Bergondo - N° Oferta 973991

Empresa dedicada á impresión dixital selecciona persoal entre 18 e 35 anos con coñecementos de deseño gráfico e dos programas: Flash, Corel Draw ou Photoshop.

Coordinador/a deportivo/a - Ortigueira - N° Oferta 973987

Exercerá funcións de dirección e coordinación dun equipo de persoas, e tamén labores como monitor. Imprescindible titulación na rama do deporte (INEF ou TAFAD) e coche.

Axudante/a de cociña - Santiago de Compostela - N° Oferta 974018

Colaborará na preparación de menús e realizando tarefas de limpeza nun comedor de estudantes. Ofrecen traballo puntual para cubrir diferentes eventos, baixas ou vacacións.

Cociñeiro/a - A Coruña - N° Oferta 974015

Empresa dedicada a xestión de comedores estudiantiles e institucionais precisa persoal para a preparación de menús e organización da cociña. Necesaria experiencia dun ano no posto.

Cociñeiro/a - Santiago de Compostela - N° Oferta 974014

Empresa dedicada a xestión de comedores estudiantiles e institucionais precisa persoal para a preparación de menús e organización da cociña. Necesaria experiencia dun ano no posto.

Operario/a de panadaría - Ribeira - N° Oferta 973602

Encargarase da elaboración de pan e empanadas no obradoiro dunha panadaría situada en Ribeira. Necesaria experiencia mínima acreditada dun ano como panadeiro/a oficial/a e medio de transporte para chegar ao lugar de traballo.

Experto/a en Moodle - A Coruña - N° Oferta 974093

Entidade dedicada a impartición de formación On-line, precisa persoal con ampla experiencia e coñecementos do sistema de xestión de cursos Moodle. Posibilidade de traballar dende a casa, con contrato laboral ou mercantil.

Técnico/a instalador/a de equipos para explotacións gandeiras - Arzúa - N° Oferta 974066

Encargarase da instalación e mantemento de equipos de muxido e frío en diferentes explotacións gandeiras da provincia. Valóranse coñecementos en electricidade, electrónica, soldadura e frío. Formación a cargo da empresa. Entre 20 e 40 anos.

Monitor/a-Socorrista - Cerceda - N° Oferta 973988

Precísase persoal con titulación na rama do deporte (INEF ou TAFAD) para impartir un curso de natación e exercer funcións de socorrista. Imprescindible carné B e coche.

Esteticista - A Coruña - N° Oferta 973903

Precísase titulado/a de Ciclo Medio de Estética para traballar nun salón de peiteados de nova apertura. Traballo a xornada completa. Incorporación inmediata.

Persoal de limpeza - A Coruña - N° Oferta 974040

Precísase persoal con experiencia para realizar labores de limpeza os fins de semana en empresas e comunidades. Necesario carné B e vehículo propio.

Outras ofertas de A Coruña

Pranchador/a Industrial - Arteixo - N° Oferta 973910

Empresa téxtil busca pranchadores/as con experiencia de seis meses no posto. Traballo a xornada completa.

Operario/a de máquina plana - Arteixo - N° Oferta 973908

Empresa téxtil precisa operario/a con experiencia de seis meses en máquina plana. Necesaria experiencia tamén en máquina remalladora. Traballo a xornada completa.

Médico/a - Santiago de Compostela - N° Oferta 973976

Encargarase do control, seguimento, vixilancia da saúde e recoñecementos médicos, campañas de vacinación e de análíticas dos traballadores dunha cadea de supermercados de ámbito nacional.

Axente comercial (Seguros) - Ferrol - N° Oferta 973946

Encargarase da creación da súa propia carteira de clientes, dirixir unha oficina comercial e mantemento dos actuais clientes da mesma. Valóranse coñecementos financeiros e de seguros. Entre 25 e 45 anos.

Asesor/a de formación - Santiago de Compostela - N° Oferta 974103

Consultora especializada en servizos de formación precisa persoal para encargarse do proceso de información e captación de alumnos potenciais do sector comercio. Valórase experiencia comercial. Traballo a xornada parcial, ofrecen fixo mais comisións.

Técnico/a comercial - Santiago de Compostela - N° Oferta 973914

Empresa dedicada as artes gráficas precisa persoal con experiencia acreditada en vendas, preferiblemente dentro do sector, para comercializar os seus produtos. Imprescindible titulación mínima a nivel de Ciclo Medio e dispoñibilidade para desprazarse.

Axente comercial (Rama: Electricidade) - A Coruña - N° Oferta 974120

Precísanse comerciais para traballar a xornada completa nunha empresa dedicada ás instalacións eléctricas. Necesario carné de conducir clase B e vehículo propio. Valórase experiencia no posto.

Comercial (Rama: Servizos Eléctricos) - Malpica de Bergantiños - N° Oferta 973600

Precísase persoal, entre 18 e 55 anos, con experiencia mínima dun ano no posto para a venda de servizos eléctricos, a xornada completa, nas zonas de Bergantiños e A Coruña. Imprescindible carné B, vehículo propio e dispoñibilidade xeográfica.

Axente comercial - A Coruña - N° Oferta 973512

Realizará tarefas de comercial con produtos para empresas dos sectores de automoción, industria e hostalaría. Necesario carné B, experiencia en vendas e ter menos de 35 anos. Ofrecen contrato laboral.

Comercial (Rama: Alimentación) - A Coruña - N° Oferta 973490

Precísase comercial para ofrecer produtos de confeitaría a empresas. Necesario permiso de conducir clase B e vehículo propio. Traballo a xornada completa con contrato mercantil.

Axente comercial (Rama: formación) - A Coruña - N° Oferta 974047

Encargarase da realización de visitas a empresas de todos os sectores para ofertar formación gratuíta a distancia aos traballadores das mesmas.